



ESCÁNDALO'S CLUB

Guión: David Vázquez

Dirección: David Vázquez e Elena Varela

Producción: Esteta

Diseño de música e luz: David Vázquez

Vestuario: Elena Varela e Esteta

Escenografía: Esteta

Voz en OFF: Hugo Rey

ELENCO

| | |
|-----------------------|-----------------|
| Valentín Varela..... | Valentino |
| Álvaro Vila..... | Ángelo |
| Marta | La Jenny |
| Elena Varela | Escarlata |
| David Vázquez | Débora Meltroso |
| Beatriz Conde | Elba Gina |
| Cris Andrés | Lily |
| Xabier Rey | Ares |
| Judit Ferrero | Lola |
| Marisol Ferrero | Mirta |
| Xoel | Boris |
| Noelia | Genoveva |
| | |
| Brais Vázquez | Laura Fresh |

ACTO I

1º Escena

Escena escura. Ilumínase.

No escenario vemos un grupo grande de xente organizada en forma triangular, de luto, de costas ao público. Algún lamento. Débora, Elba, Lola, Jenny, Tatiana, Ares, Lily, Mirta

Entra Escarlata por lateral dereito. Cruza o escenario, cabeza baixa, velo de luto na cara, vestido negro. Tras ela vai MIRTA.

MIRTA: *Mirando ao público. Lamentándose. Que imos facer agora?!*

ESCARLATA: *Iso me pregunto eu! E que non o podo crer! Abrázanse e vanse.*

Saen pola pata dereita queda escenario en silencio.

Pola dereita sae tamén ELBA GINA e DÉBORA MELTROSO.

ELBA GINA: *Compañeiros e compañeiras, que facedes aí parados? Estou segura de que iso non é o quería Dona Pilar.*

DÉBORA MELTROSO: *Claro que non, ELBA, vamos bailar na súa honra!*

Nese momento formáanse todos en liña no proscenio do escenario mentres soa I wanna dance with somebody e bailan.

Saen de escena, metade para a esquerda, metade para a dereita.

2º Escena

Aparece pola pata dereira un home, traxeado, garbata, sombreiro, cun maletín e falando por teléfono.

VALENTINO: *Si, si, non se preocupe, está todo en orde. De acordo. Dentro duns meses poderá vir a ver a nova macro discoteca, xa me encargo de todo. Non se preocupe Don Felipe. Colga o teléfono. Mira o lugar e di cara o público. Converterei este antro na maior disco da cidade! O meu xefe estará moi orgulloso! Xa eran horas de que cambien as cousas! Segue camiñando e vaise ata o lado contrario.*

Sae pola pata esquerda. Escenario baleiro.

3º Escena

Inmediatamente sae pola pata esquerda Lily acompañada de Ares, tirando del.

LILY: Veña homiño, ven que che ensino a sala de ensaios, valo pasar xenial!

ARES: Xa che dixen que eu non quero bailar!

LILY: Pero vas facer amigos e poderás actuar con nós cando sexas maior. Non che gustaría formar parte do noso espectáculo?

ARES: Pois non!

Entra de súpeto Mirta pola pata dereita.

MIRTA: A ver que vós pasa? *Saúda a LILY cun bico nos beizos.*

ARES: Pois que non me gusta bailar?

MIRTA: E ti probaches? Como vas saber que non che gusta se non probas?

LILY: Claro... a túa nai ten razón...

ARES: *Fai un xesto de desaprobación*

MIRTA: Veña vamos coas compañeiras cariño, nós estaremos contigo.

ARES: Vale, vou, pero antes explicádeme porque non teño papá!

Mirta e Lily míranse con nerviosismo, unha faille xestos á outra.

ARES: Que pasa, ides a darme largas coma sempre! Que non son un neno pequeno!

LILY: Pois... non tes papá porque... un médico moi bo plantou unha semente no ventre de mamá

ARES: Vale, pero no cole estudiamos que necesitamos a un papá e unha mamá para ter fillos.

MIRTA: Xa están coas ensinanzas heterobásicas! Menos mal que vai a un cole público...

LILY: Nada Ares, iso é todo mentira, non lle fagas caso.

ARES: Vale, entón non estudo po exame de Naturais de mañá. Adeus. *Sae correndo.*

LILY: Non, Ares, ven aquí, pasa estudar.

MIRTA: Deixao que faga o que queira, os nenos teñen que ser nenos, non tanto estudar, tanto estudar... *Mentres desaparecen as dúas tamén de escena.*

Saen pola pata esquerda.

4º Escena

Saen pola pata dereita Genoveva e Boris, cada un ben vestido, traxe de espectáculo de maxia. Sitúanse no centro da escena.

GENO: Veña saca aí o material que imos comezar, non se sabe cando volveremos actuar polo mundo.

BORIS: Polo mundo?

GENO: Si home, hai que soñar a lo grande, se non nunca chegaremos a nada.

BORIS: Cariño, non podemos soñar ó grande porque non temos talento ningún. *Saca algunhas cousas do maletín.*

GENO: Iso diralo por ti, a min talento sóbrame.

BORIS: Veña, vamos aló que nos van dar as uvas...

Prepáranse. Fai ben o truco.

GENO: Que raro que che saia tan ben á primeira, volve probar anda.

Fan un truco de maxia. Malo. O público rí.

Míranse fixamente e comezan a discutir.

GENO: Algo fixeches mal de novo. E que non aprendes chico...

BORIS: Foi un erro de cálculo, a ver se para a seguinte, ven anda...

GENO: Nada, nada, marchó que inda as acabar comigo. *Marcha da escena.*

BORIS: Ven muller, ven... que temos que falar de Laura.

Entón Geno regresa.

GENO: Esa que é outra?

BORIS: Máis ou menos, estiven falando con ela polo tinder e quedamos para mañá á noite, se queres podes unirte.

GENO: Non gracias...

BORIS: Veña, non te enfades. *Abrazaa por detrás e dálle un bico na testa.*

GENO: Que sexamos unha parella poliamorosa non significa que andes buscando con quen deitarte cariño, non me sexas...

BORIS: Ai, de verdade, que antiga es! Veña vamos darnos un bañiño quente con esa espuma que che gusta tanto....

GENO: Sabes convencerme de seguida tunante!

Están a piques de saír de escena cando entra pola pata dereita Laura Fresh.

LAURA: *Acalorada e correndo cara Boris.* Ai, de verdade, veño morta! Pa outra vez chocho envíame a ubicación polo tinder porque non sabes o que me custou encontrar este lugar!

GENO: *Visiblemente enfadada.* E esta quen é?

BORIS: *Avergonzado.* É... Laura!!

GENO: A do tinder, claro!

LAURA: Si, si. Bueno en realidade chámome Lucas e o meu nome drag é Laura Fresh. Porque son fresca como a auga do mar.

GENO: Freca debes ser un cacho!

BORIS: Cariño, por favor!

GENO: E inda ten o valor de presentarse aquí.

LAURA: Mira eh, non te enfades! Foi este quen me buscou! Pero mira xa que estou aquí.... Igual podo ofrecer os meus servizo á xefa, polo menos a ver se me levo algo que vexo que un bo polvo de aquí non vai sair..

BORIS: Cala home! Xa falaremos Laura, ti non te preocupes!

GENO: Ti sigue, sigue! Inda has de ir quentiño esta noite pa cama, pero non como te estás imaxinando.

LAURA: Qué relación máis tóxica tendes! Pero a ver cariños vós non tiñades unha relación aberta? Mira a min o que me interesa e tirarme a este, se estás de acordo ben, e senón lárgome, xa encontrarei un apostado cabaleiro no tinder...

GENO: No, eu non digo nada, marcho. Ti fai o que queiras Boris.

Sae Geno pata esquerda.

LAURA: De verdade, cómo se poñen algunhas!

BORIS: E ti cómo ves ata aquí? Non che dixen que te avisaba eu?

LAURA: Ai, si perdoa. Pero é que estaba tan quente que non me puíden aguantar as ganas! Quérote triscar xa....

BORIS: Pois agora non é momento, vamos.

Saen de escena pata esquerda.

Saen de escena.

5º Escena

Ares e Lola están en escena xogando cando de pronto entra Mirta.

MIRTA: Atención! Por favor, reunídevos todos e todas, temos que falar algo moi importante.

LOLA: Que pasou MIRTA?

ARES: Algo importante, non ves o que dixo?

LOLA: Xa o sei ... Pero que é iso tan importante?

MIRTA: Agora volo conta Escarlata.

ESCARLATA: Veña, por favor trae a todos MIRTA, temos que tratar este tema xa, non podemos retrasalo máis.

MIRTA sae pola dereita. ESCARLATA e os demais sitúanse no medio do escenario, de perfil ao público.

6º Escena

Entra MIRTA con ELBA GINA, DÉBORA MELTROSO, GENO, BORIS, LAURA, LILY e MIRTA. Todos en escena. MIRTA colócase ao carón de ESCARLATA.

ESCARLATA: Ola a todes amores! En primeiro lugar temos que pornos as pilas, mañá á noite é a gran reapertura de “Escándalo’s Club”!

MIRTA: Como que mañá á noite? Se nós aínda non temos o repertorio feito!!

DÉBORA: E nós o vestiario tampouco... Foron tempo moi difíciles ben o sabes Escarlata.

ELBA: Si, a ansiedade, fíxonos comer e ó comer.... xa sabes... Non nos vale nada!!

LILY: Facede coma min, a pan e auga 3 días á semana...

MIRTA: Cariño! Non desveles os nosos segredos...

ARES: Pero se non é secreto ningún, sábeo todo o mundo!

ESCARLATA: Veña, basta de tanta calamidade! Vamos ó importante! Temos que apurar a reapertura porque... *Queda dubitativa e da unha volta ó escenario. Gustándose ao público pero con xesto de preocupación.* O negocio ten unha débeda de máis de 100.000 euros...

TODOS: Como?!?!?!?

ESCARLATA: Si, sóubeno fai uns días na apertura do testamento.

JENNY: Entón que imos facer?

MIRTA: Pois... traballar para facer o mellor show que nunca viu esta cidade! Precisamos público que pague as entradas e as consumicións. E como atraemos ao público?

ARES: Sendo os mellores!

MIRTA: Exacto!

LOLA: Que optimista es Ares, nin que fósemos o circo do Sol!

ELBA: O Circo do Sol non sei, pero todos sabedes cal é o mellor espectáculo! *Sinalándose a ela e máis Débora.*

MIRTA: O noso, isto está claro! Ninguén máis ten as nosas voces!

JENNY: Ah, era por iso porque non vos quixeron en Operación Triunfo!

LILY: Ai Mirta, imaxínaste? Agora poderíamos ser unha Aitana ou unha Lola Índigo que enchen estadios...

ARES: Mamá, mamá, eu creo que vos pareceades máis ben a Leticia Sabater!

MIRTA: Ares! Por favor! Nós temos máis clase ca eso *Facéndose a digna*.

ESCARLATA: Basta! *Pega un berro*. A miña nai de seguro que se gañou o ceo con vós! Se me din que isto vai ser así todos os días quédome en Londres with my best friend Henry! Ai, canto te boto de menos...!

DÉBORA: *Achégase a ela*. Ui pillabana, iso si que non o contaches, quen é ese Henry?!

ESCARLATA: Cala a boca tunante! Imos o que temos que ir e deixémonos de tolemias. *Serénase*. A ver, o caso é que temos un tempo escaso para saldar a débeda, se non embargarannos o local e acabouse o soño do “Escándalo’s Club”. *Pausa*. Eu pensen en atraer a un inversor, non vos esquezades de que eu estudei en Londres economía... Pero é que... *Dubitativa*.

MIRTA: Que pasa?

ESCARLATA: Se conseguimos un inversor, cousa xa ben difícil nestes tempos, o negocio xa non o levaría eu, teríamos a outra persoa dando ordes... Non, négome, non é o que desexaría mamá. Ademais estou segura de que non queredes a outra persoa dándovos ordes, non si?

TODOS: Noooooon!

LAURA: Mira chula, eu non te coñezo pero se os demáis din que non eu tamén, NON!

GENO: E esta que sigue facendo aquí?

LAURA: Quero un show neste cabaret! Xa teño ganas de amosar todas as miñas armas de femme fatale. *Fai un xesto cara Geno*.

MIRTA: Pois que facemos entón Escarlata?!

ESCARLATA: *Mira cara Laura*. Ti e máis eu xa falaremos, quero que te unas ao show. E aos demáis, preparade os vosos espectáculos! Mañá reabrimos, rematou o loito regresa a cor a “Escándalo’s”.

Saen todos do escenario EN ORDEN..

7º Escena

Pola pata dereita sae un home vestido cheo de flores, fular, engominado. Párase no centro do escenario e mira o seu móbil.

ÁNGELO: Pues ya estoy aquí, es este no hay duda "Escándalo's Club" las indicaciones eran las correctas. Lo que pasa es que ... No! No puedo. Tengo que ir como cliente ah! Mañana es la gran reapertura, estupendo pues allí estaremos.

Vaise pola pata esquerda tal e como veu.

8º Escena

Saen pola pata dereita Elba e máis Débora.

Música en baixo.

ELBA: Vamos Débora, tres, dous unha e ...

Comezan a facer lypsinc. Cada unha vaise pelexando polo mellor espazo sen que cheguen a caer e sen deixar de facer lypsinc.

DÉBORA: Pero que cona fas Elba! Inda me has tirar! Ti non sabes que as nai drag respéctanse?!

ELBA: E ti non sabes que hai que deixar sitio as novas xeracións! Se che paso por encima en todo, en to-do!

DÉBORA: Estasme chamando vella?

ELBA: Vella, vella non, pero po arrastre xa vas estando.

DÉBORA: Oh! Lo que me ha dicho! *Xesto sorpresa.* Mira ven aquí.

Elba achégase.

DÉBORA: Ves a esa señora que está alí mirando pa nós?! Esa é unha vella, desas que só ve telecinco e o Sálvame sentadas no sofá rascándose a cona toda a tarde. Eu non bonita! Eu inda estou na etapa de Netflix

ELBA: *Suspira.* E eu en que etapa estou?

DÉBORA: Ti na de teta e bibe. *Fai un xesto lascivo.*

Rinse as dúas.

DÉBORA: Ai Elba, se no fondo es coma a filla que nunca tiven... nin terei porque a este paso cariño...

ELBA: Non digas iso, tes que seguilo intentando, o amor pode aparecer onde menos o esperas, mira Escarlata con Henry... *Xesto de pillabana.*

Rinse de novo.

ELBA: Xa o verás, se non hai ninguén no mundo co corazón máis grande que o teu. Ninguén! Salváchesme a vida e iso non o fai calquera...

Débora bica a Elba na fronte.

ELBA: Escoita, porque non facemos un número novo? Ocorrúeseme esta canción *Fálalle ao oído*. Que che parece?

DÉBORA: *Sorprendida.* Estaría xenial!! E que che parece se *Fálalle ao oído de novo.*

ELBA: Siiiiiii! Vamos a prepararnos pero xa!

Elba recolle o radiocasete e saen pola pata esquerda.

9º Escena

Saen pola pata esquerda Mirta e Lily, saen cos micros e céntranos no escenario.

MIRTA: Por cal comezamos cari?

LILY: Pois non che sei... Que che parece Colgando en tus manos?

MIRTA: Veña dálle, xa sabes que me encanta!

Colócanse nos seus postos e comeza a música....

Cando van na metade da peza aparece Ares pola pata esquerda

ARES: Ola!! Estou aquí!! *Interrompe a canción.*

LILY: Que queres fillo?

ARES: Que toquedes algo máis moderno! Shakira, Chanel...

MIRTA: Si ho, pa iso che estamos nós...

LILY: Pois non sería mala idea mudar o repertorio coa gran re apertura!

MIRTA: E que queres que cantemos Quédate ou SloMo?

LILY: Non digo iso, pero algo diferente, saír do que facemos sempre, impresionar ao público!

MIRTA: Está ben, *pensativa*, podemos darlle unha volta...

ARES: Mamis ... *Achégase ás dúas*. Eu teño unha boa idea, que vos parece se... *fálalles ao oído en voz baixa*...

AS DÚAS: Que gran idea! Imos preparala!

MIRTA: E veña Ares ti a bailar!!!

Saen pola pata esquerda.

10º Escena



Cambio de luz. Luz xeral amarela tenue.

Pola pata esquerda sae Valentino. Fondo do escenario, queda no centro mirando a entrada de Escándalo´s Club.

VALENTINO: Parecer ser que esta noite comeza o meu traballo aquí...

Pola pata esquerda sae Ángelo. Frontal do escenario, queda no centro mirando a entrada de Escándalo´s Club.

ANGELO: Parece ser que esta noite comienza tu último trabajo madre...

De pronto Valentino Xírase á fronte. Crúzanse as miradas. Míranse fixamente.

ANGELO: Buenas tardes caballero! Esta esperando la gran reapertura?

VALENTINO: Si, por supuesto! Xa teño ganas de ver o que podo facer.

ANGELO: Usted también actúa?

VALENTINO: Non, non perdoe. Quixen dicir “A ver o que poden facer” estes artistas sonlle a hostia.

ANGELO: No le sé, nunca los vi, pero tengoo ganas de poder ver esta noche el show.

VALENTINO: Pois que lle parece se imos collendo butaca?

ANGELO: Está bien!

Baixan os dous ao público e séntanse nas 2 butacas que teñen reservadas.

II ACTO

1º Escena

Sona música. Escándalo. Luces. Toda a escena iluminada de cores.

Entra pola pata dereita ESCARLATA e pola esquerda MIRTA. Xúntanse no centro.

MIRTA: Pero que ben luces esta noite querida Escarlata. A quen queres impresionar?

ESCARLATA: A quen quero impresionar? Pois mira a este mozo tan apostado que está en primeiriña fila, non me quita ollo de enriba.

MIRTA: Ti sempre cos homes na mente muller! E logo non ves que hai máis xente.

ESCARLATA: Si, claro que vexo a moita xente. Pero eu cando me fixo nun, vou a por el. *Fálalle ao do público.* A ver guapo, queres pasar esta noite comigo? Prométoche que non a vas esquecer na túa vida. *Chíscalle un ollo ou faille un xesto obsceno.*

Interrompe MIRTA.

MIRTA: Mira Escarlata, que che parece se vou rematando de maquillar ás demais e comezas ti co show! Esta noite é a gran re apertura! *Dílle efusiva ao público.*

ESCARLATA: Está ben. *Mira ao do público.* escoita, contigo xa remato logo do show, vale canalla! Agora vou traballar un pouco.

Escena escura. Sae MIRTA. Queda Escarlata no medio da escena.

2º Escena

ESCARLATA: Benvidos, benvidas e benvides a esta gran noite que prometemos que vai ser lendaria. *(En función do público ponse contenta ou triste. Moito contenta e fai alusión a iso, pouco ponse triste pero di que “o show vai continuar, pobre da xente que se perde hoxe isto”)* Como sabedes levamos un tempo pechados, dende que tristemente faleceu Dona Pilar, miña nai, e dona deste Club. Pero o loito xa rematou e é a hora de

enfundarse de novo os traxes e maquillarse. Hoxe volvemos con máis forza ca nunca. Queredes desfrutar comigo desta benvida? Pois vamos aló.

ESCARLATA: Isto esgota a un, vós pensades que non, pero cantade coma min con 5 quilos de maquillaxe, este traxe que pesará uns 20 e esta calor que fai, madre mía. *Berrando.* Técnico, poña o aire acondicionado por favor que me dan sofocos meu rei. *Sinte o regusto.* Así, así mellor, graciñas. Logo xa te compenso. *Rise.* Ui, estáseme acumulando o choio esta noite...

ESCARLATA: Ao que íamos, despois desta gran actuación de benvida quero dar entrada a un grupo de xente que leva a traballando aquí dende fai moito tempo. Déronnos espectáculos dignos de ver e puxeron en escena números moi arriscados. Esta noite teñen o pracer de acompañarnos “DIVAINS”

Escena escura. Sae Escarlata por onde entrou. Lado esquerdo sae grupo de baile. Colócase e comeza o seu show. Sona a música.

Baile. Remata o baile o público aplaude. Entra de novo Escarlata.

ESCARLATA: E despois disto para ir quentando motores pero á vez relaxarnos un pouco... Temos o pracer de presentar este número de maxia dragesca. Un espectáculo de maxia acompañado por unha nova incorporación a esta familia de a gran drag LAURA FRESH!

Entran pola pata esquerda Boris e Geno, colocáanse, sona música e mentres eles fan a maxia Laura sae de sorpresa e fai lypsinc. Rematan.

ESCARLATA: *Dirixíndose ao grupo de baile.* Moitas grazas por este fantástico número. E como esta noite é curta agora veñen a deleitarnos coas súas voces unha parella que o leva a facer dende o primeiro día que abriu esta Club. Elas estiveron a piques de entrar en Operación Triunfo e participaron en La Voz. *Silencio.* Non vos digo canto duraron senón marchades todes. Elas son Mirta e Lily.

Entran Mirta e Lily. Colocáanse nos seus postos, sona a música e cantan.

MIRTA: Lily, e agora en serio, imos cantar unha canción moi especial para nós.

LILY: Si, resume perfectamente a forma de ver a vida de todos os que formamos parte deste club.

MIRTA: E con esta mesma pediches casar comigo.

LILY: *Bícaa ou faille un xesto cariñoso. Vamos alá cariño!*

Sona a música. Cantan.

3º Escena

Entra Escarlata pola pata dereita acompañada de MIRTA.

MIRTA: Estamos chegando xa ao final do show desta noite. Queredes máis?

ESCARLATA: Pois se é así pedídeo ben forte! *Espera que o público o pida. Métese con el.* Pois para pechar esta gran re apertura vouvos presentar ao fenómeno do momento. Unha nai e unha filla postizas que uniron os seus camiños nunha noite coma esta de fai xa 3 anos. Subiron por primeira vez ao escenario fará máis de dous anos e dende ese momento viven aquí enriba. Con todes vostedes Débora Meltroso e Elba Gina.

Escarlata sae de escena.

Escuro. Saen Débora e Elba, colócanse en posición. Sona a música. Luz ON. Comezan o espectáculo.

Cando remata esta canción empeza outra. Cambio de luz e música.

Rematan, despídense do público.

DÉBORA: Moitas grazas por esta gran acollida, non sabedes a falta que nos facía isto. E agora é o momento de ir durmir, ou non, iso xa como queirades pillabáns!

ELBA: Eu durmir aínda non Débora. *Acariña.*

DÉBORA: Non, nos aínda non. Temos un traballiño que facer verdade cariño?

ELBA: Si, sacarnos estes quilos de maquillaxe que levamos, pero logo si, a descansar. Moi boas noites a todes.

DÉBORA: E ata aquí o show de hoxe. Mañá esperámoslos á mesma hora, non falten por favor!

Escuro. Saen de escena.

4º Escena.

De entre o público érguese Valentino e máis Ángelo que se achegan ao escenario.

VALENTINO: Vaia tolemia de espectáculo!

ANGELO: Si, si, fue espectacular, non le parece?

VALENTINO: Horrible! Horripilante! Non sei como se poden permitir estas cousas... unha aberración. Todo cheo de maricóns e xente suburbial.

ANGELO: Pero usted que dice? Perdone, pero estamos en 2023, aquí cualquiera es libre para ser como quiera ser, vestir como le guste, hacer lo que le dé la gana mientras no moleste a los demás y vivir y acostarse con quien quiera! Aprenda un poco de la vida!

VALENTINO: E ti mira como os defendes, normal, es un deles...

ÁNGELO: Si. Y que pasa? A usted le importa con quien me acuesto? No, verdad? Pues ya está.

VALENTINO: Vai tomar polo... Viento fresco!

ÁNGELO: Si, pero usted no va a ser el afortunado! *Marcha da escena.*

Queda Valentino solo no escenario.

VALENTINO: Pero vamos a ver que clase de dexeneración e esta? Non me podo crer que existan lugares coma este, antros da perversión e do vicio... Que noxo! E inda encima maricóns e travestis! A sociedade vaise ó carallo e todo por culpa destes roxos de merda! Menos mal que o meu plan para facerme con este local xa está en marcha.
Sae de escena.

5º Escena

Sae Angelo pola pata esquerda, tras del MIRTA impedindo que entre.

MIRTA: Que se lle ofrece cabaleiro?

ANGELO: Me gustaría hablar con la dueña, es usted?

MIRTA: Non, pero son a súa man dereita, que desexa?

ANGELO: Tengo que hablarlo con ella, con nadie más, puede recibirme ahora?

MIRTA: Pois... Voulle preguntar, espere aquí. Quere tomar algo mentres? Invita a casa.

ANGELO: No, gracias.

Angelo dá voltas á escena mentres espera por Escarlata.

ANGELO: Como haré ... cómo podré convencerla ... Es que no tengo ni idea, si aún pudiese decir todo lo que quiero sería más fácil... Enfn mamá... Con esto si que te pasaste ... *Mirando ao ceo.*

Sen case percatarse entra en escena Escarlata. Cando se miran aos ollos asústanse os dous.

ESCARLATA: Moi boa noite, que desexa?

ANGELO: Antes de nada darle la enhorabuena por el show de esta noche, fue increíble.

ESCARLATA: Grazas... E mire unha cousiña... A min vostede sóname de algo...

ANGELO: Pues no le sé, soy nuevo en la ciudad...

ESCARLATA: Seguro que non pasamos ningunha noite de amor xuntos?

ANGELO: No, puedo asegurarle que no, a mi me gustan los hombres ...

ESCARLATA: E iso que ten que ver! Probar pódese probar de todo.

ANGELO: Venga, dejémonos de historias, yo venía para ...

ESCARLATA: Para pedirme un autógrafo? Ale, baixe os pantalóns que llo asino nunha nalga!

ANGELO: Nooo! Yo venía a proponerle algo porque me gusta su idea.

ESCARLATA: Agora non o sigo, que idea?

ANGELO: La de cabaret.

ESCARLATA: Ah si? Levantouno a miña nai. Quixo darlle unha oportunidade a toda a xente do colectivo, ou desfavorecidos, para que puidesen traballar e estudar. Por estas paredes pasaron xentes de todos os lugares e sempre, pero sempre, cun obxectivo claro, loitar polos nosos dereitos e facerlle ver ao mundo que nós somos iguais ca eles, que rimos, choramos, facemos comedia, somos artistas! Os mellores da cidade.

ANGELO: Si, por eso me gustaría participar.

ESCARLATA: E que sabe facer drag, canta, baila, malabares?

ANGELO: No, yo de eso no sé nada, yo lo que quiero es participar como inversor. Que le parece si llevamos esta idea a otras ciudades, a otros lugares... Podríamos llegar muy lejos juntos... *Cóllelle a man a Escarlata.*

ESCARLATA: *Sóltalle as mans.* Non! Diso nada! Eu non quero expandir o negocio, eu quero estar aquí, na cidade da que son e onde o fundou miña nai xa hai máis de trinta anos. Débollo a ela, que en paz estea.

ANGELO: Falleció?

ESCARLATA: Si, hai quince días. Por iso estivemos pechados este tempo... foi un duro golpe... *Chora.*

Entra MIRTA.

MIRTA: Escarlata que che pasa?

ESCARLATA: Mamaíña, ai mamá....

MIRTA trata de consolala.

MIRTA: E vostede desculpe, está todo moi recente... Agora é mellor que vaíamos descansar, descúlpenos cabaleiro.

ANGELO: Sí, va a ser hora de ir a descansar.

Saen de escena. Angelo pata esquerda. MIRTA e Escarlata pata dereita.

6º Escena

Saen enfadas Débora, Mirta e Geno ao centro do escenario. Cada unha leva unha carta na man.

GENO: A ver rapazas tranquilas, isto tenvos que ser unha broma pesada de alguén!

Sae de súpeto Laura e di

LAURA FRESH: Si, si, esto ten pinta de ser unha fake news destas que están hoxe tan de moda... Ai, de verdade, e que se pode enganar a calquera con tan pouco...

Geno fai un xesto de arrincarlle a cabeza.

DÉBORA: Mira, xa non sei que pensar, levei tantos paus na vida que xa non me estrañaríaa nada.

MIRTA: Opino igual ca Débora, non me fío xa de nada... Pero o que si me ten preocupada é que recibamos estas cartas o mesmo día...

GENO: O que digo eu, éche unha broma pesada! Boris e eu temos unha relación aberta, pode deitarse con quen queira sempre que nolo digamos, iso é o que non sabe o que me mandou isto.

LAURA: Puido deitarse comigo e non cho dixemos...

GENO: Xamáis! O meu Boris non é deses, ademáis contigo xa non quere nada bonita... Non sei nin como te aceptou de compañeira de show.

DÉBORA: Ai Geno, non sexas tan mala muller, Laura é super guay, é un gran fichaxe para Escándalo's. Agora somos compañeiras, non rivais, veña unha apertaaa.

Geno e Laura dánse unha aperta.

LAURA: Se eu non che quero facer mal muller, pero hai que buscarse a vida para sobrevivir... *pausa.* Igual que pa darlle alegrías ao corpo. *Rise descaradamente.*

DÉBORA: A ver, ao que íamos, e se Boris non che conta todo?

GENO: Xamáis, ben sabe o trato que temos e que eu non me ando con caralladas!

MIRTA: Eu tampouco creo que Lily me engane, e menos con un home... Pero non vos sei rapazas...

DÉBORA: Iso non me estrañaríaa tanto, pode ser que Lily bote de menos unha boa *Fai un xesto co brazo simulando un pene.*

GENO: Cala ho! Que tola es! Non ves que se queren con loucura e teñen un fillo maravilloso!

DÉBORA: Eu o que non entendo é porque Elba me ía abandonar, despois de acollela, de traela aquí e darlle un teito...

De pronto entra Jenny correndo e bastante enfadada.

JENNY: Que pasou?

GENO: Nada muller, estas aquí que se pensan que é verdade todo o que pon nas cartas anónimas que recibiron.

JENNY: Ah, pero que cartas recibistes?

DÉBORA: Estas, falando mal dos nosos compañeiros.

JENNY: Ah bueno. Entón han de ser falsas...

MIRTA: Pero porqué o dis Jenny?!

JENNY: Pero non vos parece raro que todas recibades as mesmas cartas falando mal da persoa que supostamente máis queremos aquí dentro?

GENO: Iso digo eu! Isto é todo unha mentira!

JENNY: Eu se queredes podemos intentar averiguar quen as mandou!

TODAS: Como?!

JENNY: Teño unha amiga en correos, igual nos pode seguir o rastro destas cartas aínda que non teñan remitente.

DÉBORA: Pois non sei a que esperamos! Vamos!

JENNY: Si agora mesmo a chamo, despois dos ensaios para esta noite vou a súa oficina.

Saen todas. Antes de saír todas fala Geno.

GENO: E nin que dicir ten que disto nin unha palabra a ninguén! E que non se vos note que estades preocupadas por Deus!

Todas asenten e saen de escena.

7º Escena

Entra na escena Angelo pola pata esquerda con un ramo de flores.

ANGELO: Ola! Buenos días! Hay alguien?

Silencio.

ANGELO: Hola!

Aparece pola pata dereita Boris.

BORIS: Ola bo día, que desexa?

ANGELO: Pues mire quería hablar con Escarlata, puedo pasar?

BORIS: Ai, canto o sinto, pero aínda non chegou, debeu de ser unha noite moi complicada para ela, con todos os amantes que fixo durante o show... *Mirando a Angelo de arriba a abaixo.*

ANGELO: Entonces, puede hacerme un favor? Dígale que vino Angelo y déale este ramo de mi parte.

BORIS: *Tocándolle e insinuándose.* Ai pero non marche, veña comigo invítoos a un café no bar de en fronte, así facemos tempo mentres esperamos por Escarlata. Que lle parece? *Chíscalle un ollo.*

ANGELO: Venga, está bien, pero solo un café que yo no sé con que intenciones va usted señorito.

BORIS: Seguro que estou acertado bandido! *Dálle un cachete no cu.* Vamos!

Entra de súpeto MIRTA pola pata dereita.

MIRTA: A onde ides vós? E que fai vostede aquí? Quere que Escarlata volva pasar polo mesmo de onte.

BORIS: Tranqui! Que só imos tomar un café...

ANGELO: Perdone, pero necesito hablar con ella, é muy urgente! Está aquí?

MIRTA: Non, aínda non veu, pero xa lle digo que vostede non ten nada que falar con ela.

ANGELO: Por favor, puede estar usted delante, pero tengo que contarle algo.

BORIS: Vamos MIRTA non sexas así con este aposto galán! *Falándolle a el.* Logo xa te levo eu onda Escarlata rei.

MIRTA: Mira fai o que queiras Boris, xa se encargará Escarlata de porte no teu lugar! *Sae de escena.*

BORIS: E nós tamén, vamos tomar ese café. *Saen.*

Saen pola pata esquerda.

8º Escena

Entran Lily e Ares pola pata esquerda.

LILY: A ver que é iso que tes que contarme fillo.

ARES: Pois que antes vin a mamá enfadada falando con Débora e Geno.

LILY: E enfadada por que meu neno?

ARES: Non sei, tiña esa cara que sempre pon, así mira *Pon unha cara de enfado mirando ao público.*

LILY: Pois non teño nin idea do que lle puido pasar, logo falo con ela a ver...

ARES: Mira, aí ven ...

MIRTA: Olaa! Imos darlle ou que?

LILY: E logo onde estabas metida? Levo case media hora xa aquí no local.

MIRTA: Nada estaba tratando un asunto con Débora, ten problemas amorosos...

LILY: Ai, e que problemas cari?

MIRTA: Nada, nada, un fulano que pasou dela, o de sempre va...

ARES: Nada que sigue sen encontrar o amor ...

MIRTA: Pois si, algo así, pero bueno veña, iso non é o que importa, nós ao noso que esta noite temos que superarnos! Onte parece que fixemos bastante boa recadación. Se seguimos así dixo Escarlata que en 9 meses podemos facer fronte á débeda.

LILY: E nós de que imos vivir neses 9 meses? Da caridade?

MIRTA: Xa o salientaremos, temos aforros e incluso podemos vender a casa da aldea...

LILY: Eu esa casa non a vendo! Tantos recordos que temos aí, non non négome.

ARES: A min tamén me gusta moito mamá.

MIRTA: Pois algo buscaremos ho! Non pensemos niso agora temos moito que facer.

ARES: E porque estabas tan enfadada antes?

MIRTA: Enfadada eu? Cando?

ARES: Cando estabas a falar con Débora!

MIRTA: Ah pero ti escoitáchesme?

ARES: Pois si...

MIRTA: A ver cariño, estaba enfadada porque Débora deixase enredar por uns guaperas de barrio, uns canis vaia, e logo pasa o que pasa... Era por iso.

ARES: E que pasa?

LILY: Veña vamos ensaiar que isto non me gusta nada.

MIRTA: No, a quen non lle gusta é a min. Vamos a ver, non podo estar escoitando a unha amiga? E que manda carallo! Vamos ensaiar e remate o conto. *Enfadada.*

LILY: Vamos! *Enfadada.*

Saen de escena pola pata esquerda.

9º Escena

Saen pola pata esquerda Valentino e MIRTA.

MIRTA: Que quere señor que estamos pechados, non se pode pasar!

VALENTINO: Nada, nada, so quería falar coa dona do local, pode ser?

MIRTA: Outro! Que non está! *Xa algo mosqueada.*

VALENTINO: Daquela esperareina, é moi urxente o que teño que falar con ela.

MIRTA: Mire, a min dame igual o urxente que sexa, se Escarlata non está non pode falar con ela. Pode esperar fóra, no café que hai dúas calles máis abaixo, nós aquí estamos traballando!

VALENTINO: Non se preocupe por min que non interrompo nada, quedareime aquí mesmo en silencio, pensando nas miñas cousas.

MIRTA: Pero é que non pode ser! Espere fóra por favor.

De súpeto entra Elba pola pata dereita.

ELBA: Que pasa MIRTA, porque berras tanto?

MIRTA: *Nerviosa.* Este señor estame pondo dos nervios!

VALENTINO: Eu soamente quero falar con Escarlata, esperarei o que faga falla.

MIRTA: Pero non entende que temos que traballar?

ELBA: *Tranquiliza a MIRTA.* Veña marcha preparar todo para esta noite quédome eu con el, está ben?

MIRTA: Vale, marchó se non igual fago unha tontería. *Sae de escena pola pata dereita.*

Silencio. Míranse fixamente.

VALENTINO: E ti quen ves sendo?

ELBA: Eu? Eu son Elba, fago drag.

VALENTINO: Si, si, vinte onte. Ti estás con Débora verdade? Vaia pécora que che é!

ELBA: Débora? E como sabe iso vostede?

VALENTINO: Vén, vamos tomar un café que che conto.

Saen pola pata esquerda.

III ACTO

1º Escena

Entran pola pata dereita MIRTA e máis Escarlata.

ESCARLATA: Ai Mirta, parece que onte foi unha gran noite, fixemos bastante de caixa e inda enriba desfrutei coma unha tola na cama... Estaría pletórica se non fose a débeda das narices.

MIRTA: Tranquila muller, xa verás como pronto o solucionamos, agora temos que prepararnos para esta noite, non podemos baixar o nivel!

ESCARLATA: Xa o sei ruliña... Pero estame preocupando unha cousa á que non deixo de darlla voltas...

MIRTA: O que?

ESCARLATA: Angelo. *Mira perdida ao público.* Eu sinto que o coñezo de algo, resúltame familiar...

MIRTA: Veu antes preguntar por tí, pero aínda non chegaras.

ESCARLATA: *Entusiasmada.* Por favor se volve de novo chámame axiña, encantaríame falar con el.

MIRTA: Pero e que despois do de onte...

ESCARLATA: O de onte non ten nada que ver con el, eu estaba pletórica, solo tiña na cabeza a mamá, que oxalá estivese aquí para ver como renace o Escándalo's.

MIRTA: Está ben Escarlata, chamareite se volve, que non creo que tarde moito, quería falar algo urxente contigo.

ESCARLATA: Ai, que pillabán é! Pois veña vamos preparar todo para esta noite, non sei porqué pero dáme a sensación de que hoxe vai ser un gran día MIRTA.

MIRTA: Esperemos que teñas razón!

Saen pola pata dereita.

2º Escena

Saen a escena pola pata esquerda Elba e Valentino. Elba está triste, decepcionada e a Valentino nótaselle un sorriso de maldade e de vitoria.

VALENTINO: *Sen deixar de sorrir cruelmente.* Que che pasa meu rei?

ELBA: *Case chorando.* Non me podoo crer que Débora fixera todo iso, porqué?

VALENTINO: A xente mala éche así, o único que quería era terte ao seu carón, coma se foses un fillo del, porque a soidade é moi dura, xa o entenderás cando medres.

ELBA: Nunca o entenderei. *Mirando ao público.* Dende aquela noite de choiva que me encontrou Débora deume todo, cariño, amor, un teito e ata un traballo, sen pedirme nada a cambio... Non me podoo crer que me ocultase todo este tempo que meus pais estaban vivos ... Tiña medo a que os atopase e volvese con eles?

VALENTINO: Pois claro que si, pero escoita, vén. Eu axudareiche a buscar a teus pais, xa sabes que é o primeiro que tes que facer, non si?

ELBA: Si, a decisión está tomada. Agora mesmo vou buscar a todo o mundo.

Elba sae de escena pola pata esquerda.

VALENTINO: O meu plan avanza, isto está a piques de rematar. *Frótase as mans.*

Sae de escena tamén pola pata esquerda.

3º Escena

Entran pola pata esquerda Boris e Angelo, algo xuntiños.

BORIS: Ai, Angelo, pero como me ía imaxinar eu toda esta historia que me contaches?
A xente vai alucinar cando saiba realmente quen es!

ANGELO: La gente no va alucinar porque no lo pueden saber, mamá me lo dejó bien claro, si te lo conté fue para que me ayudes, nada más.

BORIS: Si, si, tranquilo. Pero un favor por outro, non che parece?

Nese momento Boris intenta bicalo cando de pronto sae Lily pola pata dereita.

LILY: Moi boas! Pero que fai este cabaleiro tan apostado aquí de novo? Gustoulle o noso show polo que vexo?

ANGELO: *Que aparta a Boris do seu carón.* Pues si, quería conocer el local más en profundidad.

LILY: E polo que vexo tamén a Boris... *Con cara de mala leche.*

ANGELO: No, esto es todo un malentendido, no se preocupe señorita que ya me voy.
Achégase á pata dereita para marchar.

BORIS: Tranquilo Angelo, o dito cariño! *Faille un xesto amoroso.*

Angelo sae pola pata dereita.

LILY: Xa vexo que non perdes o tempo!

BORIS: Non esaxeres muller, solo intentaba ser o máis educado posible.

LILY: Si, educado pa querer levalo á cama.. que xa te coñezo Boris...

BORIS: Nin que fose un delito, eu e máis Geno temos unha relación aberta...

LILY: Xa o sei.

BORIS: Pois enton...

LILY: Déixao..

BORIS: O que?

LILY: Nada.

BORIS: Pois será nada..

LILY: Non, nada non!

BORIS: Anda Lily non me digas que ti non lle botaches o ollo!

LILY: O ollo si, non a boca nin outras cousas...

BORIS: Ves? Se ao final non somos tan diferentes, eu non sei porque Mirta e ti non abrides relación, sendo ti bisexual que mellor, poderías darlle a todo..

LILY: Cala! Mira marchó porque vou acabar dándoche unha labazada como sigamos así... Adeús.

Sae pola pata esquerda.

4º Escena

Sae Escarlata seguida de Angelo pola pata esquerda.

ESCARLATA: Xa lle dixen que non cabaleiro, non insista, este local manterá a súa esencia o tempo que lle quede de vida; nin quero expandilo nin preciso de ninguén para levalo.

ANGELO: Pues eso, yo solo le ofrezco una ayuda desinteresada, yo pongo la pasta y usted gestiona todo esto. Yo me iré de la ciudad en unos días y no volveré en una larga temporada.

ESCARLATA: Que non!

ANGELO: Que terca es usted! Igualita que mi madre...!

ESCARLATA: Inda non me coñece ben! E menos mal que non está aquí a miña querida mamaíña que senón vostede xa non estaría neste local...

ANGELO: Ya me imaxino ya...

ESCARLATA: O que?

ANGELO: Nada, nada. *Intentando disimular.* Mire que le parecen cien mil euros, le firmo el cheque ahora mismo.

ESCARLATA: *Dá un paso ao fronte e dirixise ao público. Pero que maricón! Xustos os cartos que me fan falla! Rincha os dentes. Pero non, non os vou aceptar! Mira cara Angelo. Que xa lle dixen que non! Miña nai nunca os aceptaría.*

ANGELO: Si usted supiese lo que de verdad quería su madre...

ESCARLATA: *Sorprendida. Como di?*

Entra de súpeto Mirta toda asustada.

MIRTA: Escarlata, Escarlata! Por favor!

ESCARLATA: Que pasou? Como ves tan alterada?

MIRTA: Precisamoste, Tatiana desapareceu.

Escuro saen de escena.

5º Escena

En escena están Mirta, Débora e Geno falando.

DÉBORA: O show desta noite vai ser unha merda, coa boa noite que tivemos onte...

GENO: Veña! Outra máis depresiva perdida!

MIRTA: Ten razón Geno, todos estamos enfadados con todos e inda por riba Tatiana desaparecida, isto vai ser un cadro...

GENO: Coma se non fose un cadro outras veces... Veña acougade que xa debe de estar a chegar Jenny.

Aparece pola pata dereita con uns sobres.

MIRTA: Jenny! Sábese algo de Tati?

JENNY: Si, sei.

DÉBORA: A ver, cóntanos, que puido atopar a túa amiga.

JENNY: Non volo credes pero todas as cartas foron enviadas dende o mesmo buzón de correos, o da Calle Cancún.

MIRTA: Enton?

DÉBORA: Iso quere dicir que as enviou a mesma persoa, pero iso non é todo, sabedes o que hai na calle Cancún?

GENO: Ah si!! A Royal House! A discoteca de moda na cidade.

DÉBORA: Exacto! E sabedes quen é o propietario da Royal House?

JENNY: Pois ... Don Felipe Bribón Castellanos!

TODAS: O que?

DÉBORA: Pero vos non ledes a prensa? É un empresario do ocio nocturno famoso por extorsionar e presionar aos seus adversarios.

Míranse uns aos outros.

DÉBORA: Ou sexa que nos está enfrontando para debilitarnos como negocio.

JENNY: Exacto! *Silencio.* Bueno el ou un dos seus testaferrós!

MIRTA: E que imos facer?

GENO: En primeiro lugar tirar estes anónimos, non poden dividírnos con parvadas e en segundo lugar reunírnos todos, temos que comentalo con Escarlata e os demáis!

DÉBORA: Si, somos unha familia e non conseguirán rompérnos! Vou por Escarlata.

Sae pola pata esquerda.

6º Escena

Escena escura, no centro do escenario vemos a Elba, soa, chorando. Ilumínase pouco a pouco.

JENNY: Elba! Que fas aí soa? Vén, Escarlata e os demais estannos esperando, é moi importante.

ELBA: Non, eu non vou ir a ningunha parte.

GENO: Pero que che pasa?

ELBA: Nada, quero estar soa.

GENO: *Dubitativa.* Non estarás así por que che meteron merda de algún compi, verdade?

ELBA: *Para de chorar e queda sorprendida.* E ti como o sabes?

GENO: Porque é todo mentira.

ELBA: Non o creo.

GENO: Si, moitos recibimos anónimos contándonos mentiras sobre os nosos compañeiros, Débora recibiu de ti, Mirta de Lily e ata Geno de Boris! É unha estratexia para romper a familia que temos e facerse co Escándalo's.

ELBA: A min non me mandaron anónimo ningún. A min díxome o señor que nos veu ver onte, o de traxe e grabata.

GENO: Así que foi el?! Elba, temos que ir falar cos demais, están intentando separarnos!

ELBA: Non quero moverme de aquí!

De súpeto sae Débora pola pata esquerda.

DÉBORA: Elba...por favor!

Elba queda sorprendida, quere dar un paso atrás pero Jenny detena.

GENO: Tendes que falar, déixovos! *Dálle unha aperta a Elba e despídese de Débora.*

DÉBORA: Escóitame Elba! Intentaron separarnos, pero o noso amor é máis forte ca todo isto, acaso non lembras todo o que pasamos xuntas dende fai tres anos?

ELBA: Si... *Moi triste.* No fondo non quería pensar en que me traicionaras pero ese home pintoumo todo tan real... Non sei nin porqué lle fixen caso! Son unha estúpida!

DÉBORA: Non Elba, o estúpido é el, pero lograremos desfacernos del. Agora o importante somos nós. Es coma unha filla para min e xamais deixaría que che fixeran dano ningún, nunca o esquezas.

ELBA: E ti es a nai que nunca tiven! Débora, rescatáchesme da calle cando estaba soa e perdida, abandonada por unha familia que me despreciou, se non fose por ti non estaría hoxe con vida. Quérote!

DÉBORA: E eu a ti ruliña!

Dánse unha aperta.

DÉBORA: E agora imos rematar co farsante!

Saen de escena pola pata esquerda.

7º Escena

Primeiro sae Escarlata acompañada de MIRTA pola pata dereita e, pouco a pouco van saíndo todos detrás delas.

Pola pata dereita: Mirta, Ares, Lola, Jenny, Boris

Pola pata esquerda: Débora, Lily, Elba, Geno.

ESCARLATA: A ver Jenny, para que nos reuniches?

JENNY: Témosvos que dicir unha cousa moi importante.

LOLA: Esta noite non actuamos...

ARES: Cala! Eu quero ver como a xente se ri de nós!

DÉBORA: Rapaces por favor!

MIRTA: A ver, decide, que é iso tan importante?

GENO: Hai un home que nos anda a rondar, especialmente, dende onte, pois ben, é un farsante que só quere dividirnos para debilitarnos e facerse co negocio, é un dos esbirros de Don Felipe Bribón, dono da Royal House!

MIRTA: Xa ma imaxinaba que non era trigo limpo! Só buscaba a Escarlata ... a saber o que pretendía.

Aparece Angelo pola pata esquerda.

ANGELO: Ola! Que tenéis reunión para preparar los shows de esta noche?

LILY: Ti!!!! Farsante, malnacido, fazañeiro, baldreu...

ANGELO: Sigue, sigue... si tengo todo el tiempo del mundo!

Os demais míranos con unha mirada asasina.

MIRTA: Ímoste largar de aquí a paus! *Fai que se bota cara el.*

Métese Boris no medio.

BORIS: Deixade a este homiño tranquilo! El solo quere axudar a Escarlata e cumprir o último desexo da súa nai!

Todos quedan sorprendidos e coa boca aberta.

ESCARLATA: O que?

MIRTA: Creo que vos confundistes de home... Non é este ao que estamos buscando, era o señor maior de traxe...

ESCARLATA: A min iso xa me da igual! Este vaime explicar que é iso de que me quere axudar.

ANGELO: *Mirando a Boris.* Muchas gracias Boris, por desvelar mi secreto!

GENO: Non llo teñas en conta, se é que non da para máis o pobre! Menos mal que estou namorada del! *Vaino abrazar.*

ANGELO: Escarlata! Soy tu hermano!

Míranse uns aos outros sorprendidos.

ESCARLATA: O – QUE?!

ANGELO: Si, mamá tuvo un romance con un belga en el verano del 72 en Alicante del que nací yo. Cuando rompieron la relación ela quiso venir para aquí pero Rob, que así se llamaba mi padre, no la dejó llevarme. La demandó y ya sabes que las leyes del franquismo hicieron que le retiraran la custodia. Luego conoció a Jesús y te tuvieron a ti.

ESCARLATA: E ela coñeceute?

ANGELO: Claro que si! Mantuve siempre el contacto con ella. Cuando tuven 20 años papá murió de una sobredosis y ella se encargó de pagarme los estudios y mantenerme hasta que fui económicamente independiente. A ella se lo debo todo. Venía muchas veces a Santiago a dónde me mudé para estar más cerca de ella. Pero nunca quiso que tú te enterases de mi existencia.

ESCARLATA: Pero porque Angelo?

ANGELO: Supongo que le daba vergüenza reconocer aquel romance con un drogadicto y un borracho. Ella cuidaba mucho las apariencias. Pero cuando se endeudó para salvar el Escándalo´s me envió una carta, si ella fallecía yo debería de hacerme cargo de la deude y salvar el sueño tanto social como artístico que creó en esta ciudad.

ESCARLATA: Típico de mamá. *Chorando. Dálle unha aperta a Angelo.*

ANGELO: Y ahora me vas aceptar estos dineritos?

ESCARLATA: Solo dime, como es tan rico?

ANGELO: No me fue mal la vida y además cuando los padres de mi padre fallecieron habrá unos 6 años me dejaron una gran fortuna en Bélgica, puedo permitirme el lujo de ayudarte con el negocio. No quería desvelar quien era porque mamá me lo pidió en aquella carta.

ESCARLATA: Mamá... Ata de morta estás facendo das túas... *Queda pensativa.* E ti estabas no funeral, por iso me sonaches dende o primeiro día!

ANGELO: Si, Escarlata, tenía que estar en la despedida de esta gran mujer.

Volven abrazarse mentres se miran entre todos.

8º Escena

Entra en escena pola pata dereita Valentino.

VALENTINO: Véxovos a todos demasiado felices... parece ser que o meu plan non triunfou.

MIRTA: Lárguese de aquí, xa ve que a esta familia nunca a poderá separar.

VALENTINO: Mira rapaza, non é nada persoal, simplemente son negocios. Nós temos que medrar e expandirnos nada máis.

DÉBORA: Si claro, á conta dos máis débiles. Pois confundiuse de local señor.

VALENTINO: Que noxo!

Interrompe Angelo.

ANGELO: Usted ya no tiene nada que pintar aquí, váyase! Este local jamás será suyo ni de su jefe y le voy a explicar una cosa. Si en el año 2023 aún existe gente como usted, homófoba, arcaica y prehistórica es que no aprendieron nada de la vida. Que triste tener que odiar a los demás por su condición sexual, raza o religión! *Mirando al público.* Cada uno que haga lo que le dé la gana mientras no se meta en la vida de los demás! Y ahora lárgase de mi vista!

Valentino lisca antes de que lle den unha labazada.

ANGELO: E iniciaremos el proceso legal para que usted y su jefe non vuelvan a meterse con nadie jamás!

ESCARLATA: Pero que ben falas irmán! *Mirando ao ceo.* Mamá tes que estar súper orgullosa destes fillos que tes.

Abrázanse.

9º Escena

Toma a palabra MIRTA.

MIRTA: Escarlata, eu creo que isto temos que celebralo!

ESCARLATA: Por suposto que si querida MIRTA! Imos pechar esta noite co mellor número xamais visto, veña a prepararse todos!

Abandonan todos o escenario, queda en escena Geno que chama por Boris.

SAEN DO ESCENARIO. METADE ESQUERDA METADE DEREITA.

GENO: Boris!! Ven aquí anda!

BORIS: Dime ruliña!

GENO: Dixecheslle a Laura que pode formar parte do noso espectáculo? Iso si! Solo formaremos un trio artístico, Nada máis.

BORIS: Non meu sol, xa sabes que temos que estar dacordo e como ti dixeras que...

GENO: Veña, veña, parvadas, colle o teléfono e chámaa pero xa!

BORIS: *Asombrado.* E ese cambio?

GENO: Hai que ser abertos, como dixo Angelo.

BORIS: Es única!

GENO: E ti tamén churriño!

Dánse un bico e saen de escena.

Entra Laura.

LAURA: Vaia con estes dous... Ao final parece que ata lles fixen un favor aparecendo nas súas vidas chocho.. *Mirando a algún do público.* E eles a min tamén! Por fin me sento aceptada nun grupo. Que viva a diversidade... *Sae bailando de escena.*

Escuro total. Escóitase voz en OFF.

Sona música.

VOZ EN OFF: Estades listas para unha despedida a lo grande? Non vos escoito, estades listas para unha despedida a lo grande?

Pois vamos a presentar a todo o elenco de Escándalo's Club!

Por última vez damos unha gran acollida a "LES DIVAINS"

Saen bailan dous ou tres pasos e saen.

VOZ EN OFF: E agora os mellores magos de todo o Escándalo's. Geno, Boris e Laura Fresh.

Saen Boris e Geno con Laura detrás, tiran unha baralla ao aire saúdan e saen.

VOZ EN OFF: Con todes vostedes Mirta e Lily, as voces máis famosas de toda a contorna!

Saen Mirta e Lily, fan dous pasos, saúdan e saen.

VOZ EN OFF: E sen máis dilación dúas drag queen que xa se comen o mundo co seu talento, Elba Gina e Débora Meltroso.

Saen saúda e vanse.

VOZ EN OFF: E agora a parte imprescindible de todo isto, con todes vós, Angelo e a gran Escarlata!

Saen, bailan e saúdan e saen.

VOZ EN OFF: E o malo desta historia aínda que non menos importante Valentino.

Entra, saúda e sae.

VOZ EN OFF: Por un mundo libre, onde cada quen poida amar a quen queira e vivir sen medos.

Saen todos xuntos e bailan. Acaba a música. Escuro.

Fin